

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2015

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e catro de abril de dous mil quince, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Julio Pérez Carballo e don Eladio Mangana Nóvoa, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno, dona Mónica Vázquez Blanco, don Álvaro Vila Araújo e dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende, asistido do vicesecretario don Juan Marquina Fuentes.

Non asisten os deputados don Eliseo Fernández Gómez nin don Luciano Rivero Cuquejo.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo - acta, no seguinte enlace: <http://videoacta.depourense.es>

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE MARZO DE 2015.-

O señor presidente preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de marzo de 2015.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2015

2º.- RENUNCIA DE DON LUCIANO RIVERO CUQUEJO AO CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto segundo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (13) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Tomar razón da renuncia do deputado provincial don Luciano Rivero Cuquejo, deixándose constancia dela.

2º) Solicitar da Xunta Electoral Central a designación de suplente para a toma de posesión na próxima sesión.

3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE BANDE EN MATERIA DE RECADACIÓN DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Bande ten atribuídas en materia de recadación da taxa pola subministración de auga potable, así como das actuacións pendentes dos últimos catro anos e non prescritas, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 12 de marzo de 2015. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2015

4º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE "ACONDICIONAMENTO OU-1265 ACCESO A SANTA COMBA", CLAVE 112/PB/2014, NO MUNICIPIO DE BANDE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (13) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Resolver as alegacións formuladas polos interesados, baseándose no informe emitido polo xefe da Sección de Patrimonio e Expropiacións da Deputación de Ourense, o cal ten o teor literal seguinte:

“a) As parcelas n.º 19 e 20 do expediente pertencenlle ao mesmo propietario, “MVMC de Santa Comba”, e son lindeiros, motivo polo que se xuntaron na mesma parcela do expediente expropiatorio, dando lugar á nova parcela n.º 20 e suprimíndose a n.º 19 do expediente.

b) A parcela n.º 21 do expediente expropiatorio, ao non verse finalmente afectada pola expropiación, procédese a súa supresión da relación de bens afectados.

c) A propietaria da parcela n.º 22 do expediente expropiatorio, D.^a M.^a Soledad Blanco Fernández, formulou alegación na que manifesta que parte da parcela n.º 22 non é da súa propiedade, o cal se constata porque existe un muro na parcela que acredita que se trata de dúas parcelas distintas, motivo polo que se reduciu a superficie da parcela n.º 22 e se creou unha nova parcela, a parcela n.º 22-A, a cal, ao non saberse quen é o seu titular, figura como titular descoñecido.

d) Na parcela n.º 26 do expediente cambiouse o seu titular, xa que foi achegada unha escritura de compravenda a favor da “Asociación Parroquial de Santa Comba”, polo que pasa a figurar como a propietaria da devandita parcela.

e) O “MVMC de Santa Comba”, figura como propietario das parcelas n.º 5, 17, 19 e 28 do expediente expropiatorio, téndose formulado escrito de alegacións pola súa parte, no que se reclama tamén a titularidade das parcelas n.º 12, 14, 15, 16, 18 e 19. Baseándose na devandita alegación solicitóuselle á Consellería de Medio Rural que se informara sobre a clasificación das

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2015

citadas parcelas como integrantes do monte veciñal, o cal foi contestado pola Consellería de Medio Rural no sentido de que as parcelas que reclama o monte veciñal como súas non están clasificadas como parte do monte veciñal, motivo polo que non se procede a cambiar a titularidade das parcelas reclamadas polo citado monte”.

2º.- Aprobar o proxecto técnico da obra "acondicionamento OU-1265 acceso a Santa Comba”, clave 112/PB/2014, no municipio de Bande, así como anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens afectados.

3º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

4º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

N.º PARCELA EXPEDIENTE	N.º POLÍGONO/PARCELA CATASTRO	TIPO PARCELA	PROPIETARIO EXPEDIENTE	M² EXPROP
1	69/553	Rústica	descoñecido	13,43
2	69/502	Rústica	Casiano Alvarez Díaz	77,44
3	69/503	Rústica	Jose Alonso Alvarez	52,20
4	69/199	Rústica	Jose Alonso Alvarez	146,26
5	69/508	Rústica	MVMC Santa Comba	77,94
6	69/509	Rústica	Hros. Efrén de León Rodríguez	46,56
7	69/510	Rústica	Francisco González Fernández	115,68
8	69/412	Rústica	Francisco Alonso García	53,29
9	69/511	Rústica	Hros. Efrén de León Rodríguez	44,08

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2015

10	69/512	Rústica	Hros. Efrén de Leon Rodríguez	40,58
11	69/513	Rústica	Hros. Efrén de León Rodríguez	45,15
12	69/411	Rústica	descoñecido	6,31
13	69/514	Rústica	Hros. Efrén de León Rodríguez	17,58
14	69/410	Rústica	descoñecido	44,05
15	69/407	Rústica	Faustino García Nieves	45,84
16	69/408	Rústica	Hros. Francisco de León Domínguez	34,52
17	69/516	Rústica	MVMC Santa Comba	334,78
18	69/538	Rústica	descoñecido	47,11
19	69/536	Rústica	MVMC Santa Comba	309,71
22	69/403	Rústica	Mª. Soledad Patrocinio Blanco Fernández	172,62
22-A	69/403	Rústica	descoñecido	70,62
23	69/530	Rústica	Mª. Edita Pato Feijoo	119,71
24	69/531	Rústica	Hros. Manuel Alonso Diz	71,63
25	69/363	Rústica	Hros. Francisco Gómez Alonso	75,08
26	69/362	Rústica	Asociación Parroquial Santa Comba	48,94
27	69/532	Rústica	Rebeca Álvarez Alonso	4,77
28	69/539	Rústica	MVMC Santa Comba	55,41

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2015

5º.- Publicar e notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

5º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE MARZO DE 2015 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 2º DE XANEIRO E 1º DE FEBREIRO DE 2015.-

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de marzo de 2015, e dos seguintes adicionais: 2º de xaneiro e 1º de febreiro de 2015.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

6º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE MARZO DE 2015 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 3º DE NOVIEMBRE DE 2014, 2º DE XANEIRO E 1º DE FEBREIRO DE 2015.-

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de marzo de 2015 e dos seguintes adicionais: 3º de novembro de 2014, 2º de xaneiro e 1º de febreiro de 2015.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

7º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- A Presidencia anuncia que hai presentadas catro mocións.

7ºA.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O ENLACE DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS COA AUTOVÍA A-52

Trala unánime declaración da súa urxencia, o Sr. presidente cédelle a palabra a don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, para que expoña o contido da seguinte moción:

O Polígono industrial de San Cibrao é a área empresarial máis importante da provincia de Ourense. Actualmente conta con máis de 300 empresas asociadas e máis de 8000 persoas traballadoras. Tal é o volume de actividade que as empresas asentadas alí representan o 44% das industrias de entre 100 e 249 traballadores e o 25% entre 250 e 500 empregados.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2015

Ademais as empresas asentadas nesta zona industrial xeran o 10,7 % dos postos de traballo da provincia sendo o 1,3 de toda Galicia e facturando o 1,63 do total da comunidade galega. A estes datos habería que engadir os aportados pola Tecnópole mais o polígono de Pereiro de Aguiar.

Polas súas rúas transitan a diario uns 15000 vehículos, dos que 5000 corresponden a tráfico pesado. Pois ben, todo este tránsito de traballadores e mercadorías ten como único acceso de entrada e saída a rúa principal do polígono, sufrindo colapsos e retencións de forma habitual. Os empresarios e traballadores, a través dos seus representantes, veñen reclamando dende fai tempo unha comunicación directa cá A52, que facilite o tránsito de vehículos, especialmente o do tráfico pesado. A Xunta de Galicia ven demorando sistematicamente a licitación e construción do enlace que poña fin a estas carencias e sirva para dinamizar o tecido industrial da comarca, hoxe máis necesitado ca nunca.

Por todo o exposto sometemos a debate, e a súa aprobación se cabe, a seguinte resolución:

- *Instar a Xunta de Galicia a que axilice e dote de mais orzamento o enlace do Polígono industrial de San Cibrao cá Autovía A52.*
- *Instar a Xunta de Galicia a redacción i execución do citado enlace”.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto sétimo A da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo A](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (13) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2) o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que axilice e dote de máis orzamento o enlace do Polígono Industrial de San Cibrao coa autovía A-52.

2º.- Instar á Xunta de Galicia para a redacción e execución do citado enlace.

7ºB.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE AS INCOMPATIBILIDADES DOS DEPUTADOS/AS E INVESTIGACIÓN SOBRE O CASO DA GASOLINEIRA DO EXDEPUTADO LUCIANO RIVERO CUQUEJO.-

Trala unánime declaración da súa urxencia, o Sr. presidente cédelle a palabra a don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, para que expoña o contido da seguinte moción:

“José Manuel Baltar dende o primeiro día que chegou a esta Deputación leva vendendo fume todos os días, e vendendo mentiras que xa só el cre.

Unha das súas medidas estrella foi o código ético, un código que os deputados do PP aplican cando lle convén e onde lle convén. Serva como exemplo o de Luciano Cuquejo que vende combustible á Deputación, o Concello de Cualedro e a Mancomunidade de Monterrei, pero cando o PSOE destaca o caso só demite da Deputación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2015

Os socialistas dixemos dende o primeiro minuto que a ética ou se ten ou non se ten, non vale de nada escribir sobre un papel.

O certo é que ademais, José Manuel Baltar ten coñecemento deste caso, polo menos dende xaneiro, mes no que Luciano Rivero Cuquejo pediu un informe o secretario provincial e este emitiuno. Non vale de nada, que José Manuel Baltar saia agora defendendo a honradez dos seus deputados, porque el agochou este caso dende hai meses, polo tanto é cómplice.

Ademais de todo isto, o Grupo Socialista, reclama que os informes que se emitan na Deputación de Ourense sexan puramente técnicos (tal e como lle corresponde) e deixen de valorar ámbitos penais ou delictivos que só deben de ser valorados pola poder xudicial. Para elo, se queremos valoracións dete ámbito debemos de acudir ó xulgado e non a informes de funcionarios.

Nós no caso que nos ocupa vemos claramente que pòsibles indicios de delitos e queremos que se esclarezan estas dúbidas: é legal ou cometeu algún delito luciano Cuquejo ó facturar á Deputación?, é legal que fixera o mesmo a súa irmá que é funcionaria desta Deputación e socia da estación de servizo?, por que o Presidente da Deputación agochou este caso dende xaneiro?, tiña coñecemento deste caso con anterioridade?, por que os funcionarios desta Deputación se surten de combustible nesa estación de servizo e non o fan nas dos arredor?, de quen reciben orde para que o fagan?, hai un listado en intervención de empresas que non poidan manter relacións comerciais coa deputación?. Todas estas preguntas deben de esclarecerse nunha comisión de investigación e diante da Xustiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- *Crear unha comisión de investigación para esclarecer por que “casualmente” todos os coches da flota da Deputación na comarca de Verín botan combustible na gasoleneira de Luciano Rivera Cuquejo e non noutras e por que acontece o mesmo noutras zonas con estacións de servizo vinculadas a cargos do PP.*
- *Facer público en menos de dez días a relación de empresas a nome ou con participacións dos/as deputados/as provinciais e se contratan ou contrataron coa Deputación ó longo desta lexislatura.*
- *Facilitar toda a documentación necesaria dende a Deputación Provincial de Ourense á Fiscalía para que esta investigue este caso e determine se o debe de poñer en coñecemento do xulgado correspondente”.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto sétimo B da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo B](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (13).

7ºC.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AOS PERMANENTES RECORTES NOS SERVIZOS FERROVIARIOS EN OURENSE E OS OBSTÁCULOS Á SÚA UTILIZACIÓN POR PARTE DAS PERSOAS.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2015

Trala unánime declaración da súa urxencia, o Sr. presidente cédelle a palabra a don Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, para que expoña o contido da seguinte moción:

“Cando estamos asistindo a unha abafante utilización da propagando pola posta en marcha de novos servizos ferroviarios no eixo atlántico, curiosamente é cando se anuncia un novo recorte nos servizos ferroviarios de Ourense.

Actualmente, a comunicación ferroviaria entre Ourense e Santiago consiste en 9 viaxes en ambos sentidos a través de servizos de vía e velocidade alta e dous en vías e velocidades convencionais. Hai poucos días, coincidindo precisamente coa entrada en funcionamento coa vía de velocidade alta de Vigo-A Coruña, coñecemos que se suprimía un dos servizos diarios entre Ourense e Santiago ademais dunha nova modificación no resto dos horarios, perda que ven a unirse aos que xa se produciron nos últimos anos.

Para este Grupo resulta incomprendible que logo dos investimentos multimillonarios e dos estragos territoriais para a construción das vías de velocidade alta, a política de servizos de Renfe e Adif, no canto de ir orientadas á consecución da súa optimización promovendo un mellor servizo e máis adaptado ás necesidades dos e das usuarias, o que se fai é unha política disuasoria do seu uso.

Hai que por de manifesto que o servizo que se elimina é o que comunica Santiago con Ourense con saída ás 18:45, que é o que habitualmente era utilizado por usuarios que se desprazan por razóns laborais e de estudo. Desde xeito desde ás 16 horas até as 20:30 non hai ningunha forma de volver cara Ourense. Por non falar as modificacións dos horarios dos trens da mañá que na práctica os fan inservíbeis para gran parte dos usuarios.

Parece que a estratexia vai máis orientada a perder persoas usuarias deste servizo para poder dicir que se suprime por falta de rendibilidade. Insisto, logo de realizar un investimento millonario.

A isto hai que engadir a discriminación nos prezos que padecen os usuarios desta liña en relación con outras tanto do Estado como de Galiza. O prezo ordinario entre Ourense e Santiago, é de 16,60 euros por viaxe, cando o de Vigo-Santiago, de distancia similar vai ser de 11,10 euros. Iso sen contar a campaña de descontos que se están anunciando a bombo e pratiño a esta última liña.

Ante esta situación o Bloque Nacionalista Galego considera que as Institucións galegas, encabezadas polo Goberno Galego, debe emprender unha ofensiva ante Renfe, Adif e o Goberno do Estado coa finalidade de que as infraestruturas viarias e os servizos ferroviarios teñan unha xestión orientada a cubrir as necesidades de mobilidade das persoas e non cara xustificar a súa desaparicións, para o cal se deben reclamar horarios, frecuencias e prezos acaídos ás demandas das persoas, neste caso, que se desprazan entre Ourense e Santiago, constituído fundamentalmente por estudantes e traballadoras.

Estas son as razóns polas que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados asinantes, formulan a seguinte MOCIÓN para ao seu debate, e aprobación se procede, polo Pleno da corporación:

O Pleno da deputación insta ao Goberno Galego a realizar as xestións necesarias ante o Goberno do Estado, Adif e Renfe instando as seguintes actuacións:

- 1. Revogar as decisións que conlevan a supresión de frecuencias na liña Ourense-Santiago.*
- 2. Igualar os prezos dos servizos ferroviarios de velocidade alta entre Ourense-Santiago cos de outras liñas de idénticas características.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2015

3.- *Analizar a modificación de horarios, frecuencias e prezos coa finalidade de adaptalos ás necesidades dos e das usuarias coa finalidade de converter este servizo en máis atractivo para o seu uso”.*

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto sétimo C da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo C](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (13).

7º D.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO FUTGURO ACONDICIONAMENTO DA ESTACIÓN DE CANTOÑA.-

Trala unánime declaración da súa urxencia, o Sr. presidente cédelle a palabra a don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, para que expoña o contido da seguinte moción:

“Vostede, señor Presidente, visitou o pasado 17 de marzo a Mancomunidade de concellos da comarca de Ourense, onde se reuniu cos alcaldes e representantes locais dos concellos que a integran.

Nesa reunión estes expuxéronlle as demandas en canto a obras, proxectos e servizos que se están a planificar e desenvolver no ámbito da mancomunidade.

Polo que transcendeu aos medios, parece ser que vostede comprometeuse a unha axuda para a compra de terreos co obxectivo de executar unha obra para adaptar a estación de Cantoña e convertela en sé da Mancomunidade.

Este grupo, posto en contacto cos veciños do concello, ademais de constatar a súa incredulidade, polo que consideran un anuncio pre-electoral, da fe do profundo malestar logo do anuncio feito a respecto do proxecto que vostedes lle reservan para esta estación de tren. Consideran, que esa infraestrutura debía ser dedicada a algún servizo público e non a unha oficina da mancomunidade, pois as súas demandas encamiñanse á necesidade de aproveitar ese espazo para situar nel un Centro de Día ou unha escola infantil, o que ao seu entender satisfaría, tamén, unha das necesidades que o alcalde de Paderne ten en canto á necesidade de mercar un terreo para construír unha escola infantil.

Desde o BNG pensamos que ese dispositivo podería situarse na actual estación, polo que non habería necesidade de gastar un diñeiro superfluo na compra duns terreos.

Por todo o anterior, o grupo do BNG solicita, a adopción do seguinte ACORDO:

O Pleno da Deputación pídelle ao grupo de goberno do Partido Popular que reconsidere a proposta de subvencionar as obras de adaptación para a mancomunidade, priorizando as achegas para investimentos en obras de utilidade pública e para un fin social”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto sétimo D da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo D](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2015

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (13).

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

O **Sr. presidente** anuncia que por parte do BNG se presentou un escrito con data 13 de abril de 2015, no que solicitan que se fagan públicas na web da Deputación todas as operacións que fixo a Deputación coas empresas dos deputados que conforman a Corporación, no caso de habelas; que se lles dea unha copia de todos os albarás de combustible que se asinaron na gasoleira propiedade do ex - deputado Luciano Rivero Cuquejo. Manifesta que xa se lle fixo chegar ao grupo a documentación solicitada. No dito escrito solicitan en primeiro lugar que se informe no Pleno se hai algún deputado desta Corporación que puidese ter incorrido ao longo do mandato na mesma ou parecida irregularidade á do deputado que vén de presentar a renuncia.

En canto a este asunto, anuncia que o Sr. secretario xeral elaborou un informe, de data 21 de abril de 2015, ao que dá lectura, co seguinte contido:

“En relación coa solicitude formulada con data 13 de abril de 2015 polo portavoz do grupo provincial do BNG, sobre a existencia dunha prohibición de contratación na que tivese podido incorrer algún deputado provincial ao longo do mandato 2011-2015 (á marxe dos contratos menores de subministración de combustible facturados coa empresa Abrea Cuquejo SL, da que se deu conta en informe desta Secretaría Xeral de data 31 de marzo de 2015) infórmase o seguinte:

De acordo cos datos que constan no rexistro de intereses e bens patrimoniais dos deputados provinciais, só consta a existencia de facturación, no período indicado, cunha sociedade participada por un deputado provincial. A dita sociedade é Antela E.S. SL, con CIF n.º 32286916. Desde o 11 de xullo de 2011 só consta a tramitación dunha factura do 11 de outubro de 2011 (tícket n.º 596244, correspondente á adquisición de pilas) por importe de 11,60 €. Esta subministración tramitouse mediante anticipo de caixa fixa a través do xefe do Servizo de Agricultura e Gandería, efectuándose o recoñecemento, liquidación e pagamento da obrigação ao 31 de decembro de 2011.

A sociedade mercantil Antela E.S. SL atópase participada polo deputado don Antonio Montero Fernández, cuxa participación social ten un valor de 42.189,96 €.

Segundo manifestacións do dito deputado ante este funcionario, a mencionada participación social é inferior ao 10%, cifrándose nun 2,5%. Non obstante, o dito deputado provincial é membro do Consello de Administración da sociedade, o que determinaría a existencia dunha prohibición de contratar con esa entidade”.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que logo da denegación por parte do Concello, da licenza de apertura do aparcadoiro do CHUOU, que a dicir dos técnicos afecta a toda a unidade do edificio, queren saber como afecta isto á Deputación en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2015

canto á concesionaria e que se lles facilite un informe xurídico. Por outro lado, di que leron na prensa (porque non se lle facilitaron eses datos) que a Deputación volverá ao accionariado de Manzaneda Estación Invernal SA, MEISA, e que asumirá un 28% das accións. Unha vez efectuada a transmisión a Deputación quedará co 28% (326 accións). Isto é curioso, porque a Deputación a deixou cando na Xunta gobernaba a coalición PSOE-BNG e agora regresan asumindo unha representación que antes non tiñan. Se fosen mal pensados poderían pensar que se está axudando aos amigos co diñeiro de todos, e que detrás desta decisión hai un único interese que non é o da reactivación económica da comarca (pero niso non van pensar). Por iso pregunta se lles poden dicir aos cidadáns a que obedece o cambio de criterio da Deputación en canto a MEISA e cal é a achega económica desta Institución.

O **Sr. presidente** contesta que en relación co tema do aparcamento do CHUOU aínda non se recibiu ningunha comunicación do Concello en relación coa decisión que puidese adoptar, pero que en todo caso toma nota para a elaboración do informe solicitado unha vez que se reciba algunha comunicación. En canto a MEISA di que se adoptou un acordo unánime por parte dos tres grupos no debate sobre o estado da provincia no sentido de volver aos órganos de xestión da sociedade. O obxectivo que se persegue non é outro que a reactivación económica da comarca apostando pola estación de montaña. Este luns asinarase a entrada na sociedade de MEISA cun 28% das accións, o que suporá un desembolso económico aproximado de 18.000 euros.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que entende que cando antes se falaba da participación dun deputado en Antela E.S. SL, é de don Antonio Monetro, e neste caso poden dicir que si entenden que pode ser un erro e que non hai mala fe por parte do deputado e a ética lévaos a pensar que non ten nada que ver unha situación coa outra da que se falou antes. Di que, evidentemente, non sigue a axenda particular do Sr. presidente, pero gustaríalles que se lles respondese á pregunta de onde estivo o Sr. presidente o mércores día 22, e que actuación estivo a facer por parte desta Deputación.

O **Sr. presidente** responde que o mércores 22 estivo en Madrid, na sede da Escola de Organización Industrial, nunha reunión con Fernando Bayón, en relación cos programas que se teñen acometido para os próximos anos, que se concretarán na próxima lexislatura.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que cando o presidente dixo que xa se lles entregara a documentación relativa á gasoleira do Sr. Cuquejo, entenden que nesa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2015

documentación debería figurar a copia dos albarás que chegan ao Parque de Maquinaria, sobre os que se comprobaban as facturas que emitiu a empresa.

O **Sr. secretario** manifesta que son facturas menores que cando chegan a intervención veñen xa conformadas polo xefe do Parque de Maquinaria e que se lle poden solicitar os albarás.

O **Sr. presidente** manifesta que se lle remitirá a copia dos albarás.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que hai unha constatación clara, que é que alguén asinaba os albarás cando se reponía nesa gasoleira. Eses albarás chegan ao Parque de Maquinaria e nalgún momento alguén terá que facer unha comprobación de que a factura está ben en función dos albarás. No seu escrito quedaba claro que o que solicitaban era a copia dos albarás e pide que se lle remitan nesta lexislatura.

O **Sr. presidente** reitera que nesta lexislatura se lle remitirán os ditos albarás.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, pide que con isto non pase o mesmo que pasou cunhas fotos que pediron no seu momento e está acabando a lexislatura e as fotos aínda non as teñen, iso que o presidente dixera que se ían entregar.

O **Sr. presidente** di que se lles entregarán.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, pregúntalle ao Sr. presidente se ten constancia de que as obras do Plan provincial que se están a executar no municipio de Xunqueira de Ambía foron danadas pola infraestrutura do AVE, e que quen máis pasou por esas estradas foron os vehículos pesados do actual alcalde de Xunqueira de Ambía, é dicir, estanse arranxando unha infraestrutura que dana o propio alcalde do municipio para beneficio propio con cartos desta institución.

O **Sr. presidente** responde que ten constancia dos danos en estradas provinciais como consecuencia das obras que se están desenvolvendo para executar as infraestruturas do AVE e xa mantivo diversas reunións cos responsables do Ministerio de Fomento para chegar a un acordo en canto á reposición ao estado no que estaban antes do inicio das obras as vías provinciais.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que formulou unha pregunta da comisión de Agricultura e Medio Ambiente para que se respondese no Pleno sobre o plan de tratamento de xurros que o presidente se comprometera no seu día a realizar no mes de setembro dicindo que posiblemente no mes de xaneiro xa estaría feito un borrador, volveu

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2015

preguntar en febreiro e dixo que estaba moi avanzado e o seu grupo, neste momento, non ten constancia de nada.

O **Sr. presidente** di que está acordo coa Sra. Lama Fernández, coñece ese plan e no seu momento ordenou que se lle fixera chegar. Descoñece as razóns polas que non se lle enviou pero ese plan xa está elaborado. Tan pronto como remate esta sesión lle será remitido ao grupo provincial.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, no Pleno do estado da provincia o Sr. presidente anunciou a creación dun polígono agropecuario na Limia. Recentemente preguntou por el nunha comisión e o Sr. vicepresidente respondeulle que non había nada de nada. Pregunta se isto foi unha ocorrencia electoralista ou se realmente se vai facer algo.

O **Sr. presidente** responde que non é ningunha ocorrencia. Trátase de aproveitar os terreos de titularidade da Deputación nesa comarca, estanse mantendo conversas, non só coa Xunta de Galicia, senón tamén co Ministerio de Agricultura, porque tamén existen cuestións de carácter urbanístico que poden afectar directamente ao desenvolvemento dese proxecto. Unha vez que estean solucionadas esas diferenzas, se lles entregará aos grupos (nesta lexislatura ou na seguinte) para que fagan as achegas correspondentes.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, pregunta que foi dun proxecto que tiña a Deputación en colaboración coa AAVV do pobo de Parada sobre o coñecido como camiño da Chouciña, un tema que xa ten traído o Grupo Socialista a esta Deputación e non quedou en nada concreto. Este tema está pendente desde o ano 1996.

O **Sr. presidente** di que se remontará aos arquivos da Deputación e que terá cumprida resposta.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que xa que remata a lexislatura quere darlles as grazas ao seu grupo, ao Sr. presidente por confiarlle a súa representación, aos traballadores desta casa dos que sempre obtivo unha especial colaboración, aos medios de comunicación e aos grupos da oposición, aínda que nalgún momento non soubera estar á altura das circunstancias polo seu carácter, motivo polo que pide desculpas. Deséxalles sorte a todos no persoal e no familiar, no político será o que queiran os veciños.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que el tamén está moi agradecido ao grupo ao que representa por razóns persoais e políticas. Tamén quere agradecerlle aos técnicos desta casa pola parte que lle toca como goberno e como institución,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2015

polo seu traballo (aínda que ás veces non estean de acordo nalgúns aspectos). Pide desculpas por se algunha vez fixo algún comentario no ámbito persoal dalgún deputado do grupo de goberno, porque el vén aquí facer política e non meterse con ninguén a nivel persoal. Quere dicir alto e claro que oxalá que o próximo portavoz do grupo de goberno teña a mesma educación e o saber estar (aínda que moi combativo) que o actual portavoz do grupo de goberno.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, con respecto ao seu grupo di que está encantado con el, aínda que son poucos, pero moi valentes. Dálles as grazas a todas as persoas que dunha forma ou outra lles facilitaron as cousas. Tamén sente por se algunha vez se pasaron, pero eles non din adeus, din ata logo, porque están enfronte. Se non están malo, porque ao grupo de goberno hai que atalo corto. Manifesta que non teñen ningunha aversión persoal contra ninguén, senón aos cargos. Nese traballo estiveron e espera seguir nese traballo, se non é el mesmo serán os compañeiros aos que lles toque estar, porque como dicía un compañeiro seu, e eles mantéñeno como máxima, eles son corredores de fondo. Para finalizar di que se en algo faltaron para outra vez sobrarán.

As intervencións íntegras que se recollen no punto oitavo da vídeo acta da sesión, están dispoñibles no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

E ás 13.30 horas do citado día vinte e catro de abril de dous mil quince, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,